




CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.E.I.P. "A CRISTINA"

Rúa Blanco Amor, s/n – Teléfono 981.702.356-981.758.260(Fax)

15.100.Carballo

<http://edu.xunta.es/centros/ceipacristina/> correo e-: [ceip.acristina@edu.xunta.es](mailto:ceip.acristina@edu.xunta.es)



## CIRCULAR INFORMATIVA

### ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Convocatoria do día 5 de novembro , o vindeiro **xoves 27 de novembro** celébrase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinala na citada Convocatoria, procederáse do seguinte xeito:

#### **1º.- Quen pode votar.**

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

#### **2º.- Modo de emitir o voto.**

a) O voto será directo, secreto e non delegable.

b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.

c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabético de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz **un único nome** das candidatas/os relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar. Lembramos que os candidatos presentados, relacionados por orde alfabética, son os seguintes:

- 1. Castro Vidal, Roberto**
- 2. Montero Novo, Diana**
- 3. Palanca Martín, Jorge**
- 4. Sánchez Torres, Carlos**

d) Finalizada a votación procederáse ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

**3º.- Horario da votación;** co fin de favorecer a participación haberá horario de mañá e de tarde.

- **09:15 horas a 11:15 horas.**
- **16:00 horas a 18:00 horas.**

A dirección anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do vindeiro xoves 27, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Carballo, 19 de novembro de 2014  
A directora do centro,

Asdo.: Mónica Ferreira Costa